COMUNICADO CONCURSANTES E ASISTENTES

Soamente queda unha semana para a proba e os nervios xa están facendo estragos.

Primeiramente agradecer a gran acollida que están tendo as inscripcións, que por certo, non houberamos imaxinado, e segundo agradecer todo o ánimo que nos enviades pola nosa volta aos tramos.

Informamos con gran asombro que xa temos mais de 120 inscritos, polo que os nervios aumentan correlativos ao aumento da lista.

Vai a ser para nos unha proba moi complicada, demasiados concursantes, demasiadas asistencias, e moi pouco espazo. Os que xa coñeces Oia xa sabedes do espazo do que dispomos, que non é moito, polo que estamos a estudar a mellor maneira de aproveitalo. Por suposto sabemos que non todos quedaredes satisfeitos, pois sempre hai quen no o está, polos seus motivos, todos respectables, pero pedímosvos polo mellor entendemento, polo mellor resultado da proba, porque todos queremos pasalo ben dentro do traballo que supón, porque o facemos por vos e non para perxudicar a ninguén , paciencia, colaboración e respecto para todos. Somos totalmente conscientes de que para vos concursar é tamén un gran esforzo, por iso intentaremos facelo da mellor maneira posible, pero tendes que entender que son circunstancias novas e temos que facer tamén un gran esforzo por adaptarnos a elas, por iso precisamos de vosa axuda.

Polo mesmo motivo e porque na medida do posible non podemos perder tempo xa que é unha lista moi longa, rogamos aos espectadores que respecten as normas, os lugares acotados, e aos comisarios da organización, as normas están para cumprilas por un simple motivo, evitar accidentes e desgracias. Un simple mal comportamento dun espectador pode derivar nunha perda considerable de tempo ou incluso na anulación dalgún tramo, polo que o único que conseguimos e perxudicar aos pilotos que tanto apreciades e polos que, grazas a eles, existe este deporte.

Vémonos os dias 10 e 11 de outubro!!